

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 16 DE XULLO DE 2012

LUGAR: Sala de xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 16 de xullo de 2012

HORA DE COMEZO: 12:31 horas

HORA DE REMATE: 13:45 horas

ASISTENTES

Ricardo Cao Abad, vicerreitor de investigación

Jaime Rodríguez González, director do SAI

Andrés de Blas Varela

Andrés Martínez Lage

Antonio Paz González

Carlos Jiménez González

Ginés Nicolás Costa

Jorge Sanjurjo Sánchez

José Manuel López Vilariño

José María Aguiar Paz

Juan Antonio Castro Amado

Julián Yáñez Sánchez

Pilar Rodríguez Barro

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

AUSENTES

Soledad Muniategui Lorenzo

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de cambio de tarifas
4. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

Ricardo Cao, o vicerreitor de investigación, preséntase ao comezo da reunión da comisión de usuarios.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

A acta da reunión anterior, con data de 16 de decembro de 2011, apróbase por asentimento.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

- Preséntase o resumo da memoria do SAI do ano 2011

Hai un lixeiro aumento do número de mostras nun 14%, sen embargo como este aumento é principalmente de mostras tipo A, non se reflicte na facturación, que baixa nun 11%, polo recorte no número de proxectos. A continuación presentase a facturación das áreas de investigación y dos departamentos.

A dirección informa que a mediados do 2012 a facturación sigue sendo inferior. Sen embargo espérase que na segunda metade do 2012 aumente a facturación polos convenios asinados ou que están para asinar

1. Convenio para o control de dioxinas e PCBs, para a Subdirección General de Acuerdos Sanitarios y Control en Frontera do Ministerio de agricultura, alimentación y medioambiente.
2. Convenio para o control de PCDD/F, dl-PCBs e i-PCBs en mostras de AFOEX (Asociación Nacional de Empresas para el Fomento de las Oleaginosas).
3. Convenio para o control de PCDD/F, dl-PCBs e i-PCBs en mostras de Moltuandújar.
4. Convenio con SANOR: Colaboración co proxecto "Metodoloxías para a detección de contaminantes químicos de potencial interese en alimentación animal"
5. Convenio con Health in Code: Acordo de colaboración para o proxecto "Validación dun chip de diagnóstico xenético".
6. Convenio coa industria química Rioblanco para o control de calidade dun aditivo de urea, no que están implicadas 5 unidades: UAE, UEM, UAA, UTIA, UEPM.

Nalgúns destes convenios o SAI comprométese á inmediatez na entrega de resultados. Esta inmediatez fai que sexa necesario unha quenda de tarde na UTC para a análise de PCDD/F e PCBs.

- Persoal

Renóvase o contrato de Susana Roch dentro do convenio Isabel Barreto da Xunta de Galicia.

Hai 3 prazas de técnico superior en concurso-oposición nas unidades de Bioloxía Molecular, Espectrometría de Plasma-Masas e Técnicas Cromatográficas.

- Calidade

O 8 de marzo de 2012 renóvase a certificación ISO 9001

O 30 de xullo de 2012 faise unha auditoría de seguimento do ensaio acreditado de EQT-Total en alimentos, e se modifica o alcance de acreditación para cumprir as novas exixencias da lexislación.

Espérase que o 15 de outubro de 2012 terá lugar a auditoría extraordinaria para os ensaios de augas que se queren acreditar (exp. 725/LE1798).

- Cambios no regulamento

Estase a modificar o regulamento do SAI para adaptalo aos sistemas de calidade en el quérese recoller a transformación da Secretaría Técnica nunha Unidade de Coordinación dos Laboratorios.

O director presenta o seu desexo dun maior recoñecemento ao labor docente dos técnicos do servizo na súas colaboración cos departamentos. O vicerreitor indica que ese recoñecemento debe partir dos departamentos cos que se colabora, a dirección pensa que deben ser os profesores e abre unha rolda de opinións. O profesor Carlos Jiménez pide que sexa institucionalizado porque ten que estar controlado, os profesores Ginés Nicolás e Andrés Martínez opinan que é suficiente que quede reflectido nas guías docentes, nas que deben figurar os docentes que imparten as materias ao igual que as prácticas. O director conclúe que deberá quedar reflectido nas guías docentes e que enviará unha carta aos directores de departamento. Os profesores Carlos Jiménez e Andrés de Blas lembran que as guías están a piques de aprobarse para que a carta se envíe a tempo.

Tamén se desexa que se permita aos técnicos superiores doutores poder liderar proxectos de investigación. Ante as dúbida que xorden, José Manuel López expón que el nunca tivo problemas por parte da administración para figurar como investigador principal en distintos proxectos. O vicerreitor indica que o ministerio di que debe ser persoal investigador, pero José Manuel López indica que houbo un troco que abre o campo a outras figuras porque se engadiu as posibilidades de “outros” e “asimilables”.

Se dubida de cómo xestionar o tempo de dedicación aos proxectos e compatibilizalo co tempo de traballo e tamén da forma na que se gastaría o diñeiro. José Manuel López di

que se pode tomar como exemplo a forma de traballo dos centros tecnolóxicos. O vicerreitor indica que eses centros teñen entidade xurídica propia. Establécese un diálogo entre eles sobre os proxectos pedidos por o CIT.

Finalmente o director informa que os Comités Técnicos pasarán a ser trimestrais.

- **Petición FEDER 2010**

O director lembra o equipamento da petición do 2010 ao FEDER. Comenta que hai problemas en conseguir o co-financiamento e que por iso se pediu unha prórroga ao ministerio, que foi concedida. O vicerreitor da as razóns de esta dificultade en lograr o financiamento, e que se debe a un cambio do ministerio na resolución, en relación coas condicións da convocatoria

Dentro dos proxectos concedidos, trátase de executar o FEDER do CICA. A semana que ven enviarase un bosquexo dos laboratorios pechados ao 90%, ademais salientase que non ten que estar executado a finais do 2012, se non que se amplía o prazo nun ano

- **Concursos**

Substitución do Láser-Coulter para a medición do tamaño das partículas, para substituír ao actual. É un concurso negociado sen publicidade con tres casas comerciais invitadas, porque o custo é menos a 60000 €.

- **Tarifas**

Preséntase un enlace na web para a simulación do cálculo do gasto en análises antes da súa contratación.

Punto 3º. TARIFAS

Actualízanse as tarifas das unidades Bioloxía Molecular, porque ao ter mais mostras obtívose un mellor prezo para os kits de análise.

Unifícanse as tarifas da Unidade de Espectroscopia Molecular, porque hai poucas mostras para EI e tamén se baixa a tarifa de MALDI-TOF en autoservicio para atraer usuarios.

Na Unidade de Análise de Augas inclúese a determinación de aditivos redutores de óxidos de nitróxeno en diesel.

As novas tarifas apróbanse por asentimento e o vicerreitor comenta que se aprobarán no Consello Social do vindeiro mércores.

Punto 4º. ROLDA DE PREGUNTAS

O director comenta que Amparo Alonso que dirixe o LIDIA oferta servizos para a lectura dos resultados da técnica de arrays e quere ter unha reunión para intercambiar coñecementos con grupos relacionados coa Bioloxía Molecular. José Manuel López comenta que el tamén estaría moi interesado en asistir á mesma.

Verónica Fernández-Villarrenaga lembra a ausencia dun técnico na Unidade de Microscopía, e que actualmente na unidade soamente hai unha persoa. O director informa que se quere recuperar á persoa que estivo traballando ata decembro do 2011 e Julián Yáñez e Ginés Nicolás lembran que é moi importante unha segunda persoa nesa unidade, xa que a súa falta nótase moito, especialmente no microscopio confocal.

Con relación a iso, o profesor Ginés Nicolás comenta que o microscopio confocal de materiais non se usa máis porque teñen que desprazarse ata aos SAI e pide o seu traslado a Ferrol co compromiso do seu grupo de dar servizo coma ata agora, ao que o director lle lembra que ese equipo tamén ten usuarios do campus da Coruña. Finalmente o profesor Ginés solicita o traslado do microscopio de varrido de sobremesa NeoScope e o director está de acordo porque non ten outros usuarios.

O vicerreitor comenta que aínda que a universidade estea repartida en dous campus a centralización do SAI permite a optimización dos recursos.

O profesor Carlos Jiménez pregunta polos retrasos que hai no servizo de espectrometría de masas, xa que as análises están tardando unha semana. O director comenta que unha persoa de UEM trasladouse a UAA para a posta a puntos dos ensaios da urea e que estaría alí ata que fose a auditoría extraordinaria. Tamén se comenta que Jorge Otero, técnico superior de UEM, forma parte de varios tribunais de oposición e ten que asistir ás reunións de ditos tribunais. O profesor Jiménez pregúntase se a forma dese convenio compensa os atrasos que produce noutras técnicas, pero o director salienta que son análises para unha empresa con sede en Galicia.

O profesor Jiménez tamén comenta se os SAI son conscientes de que algúns equipos empezan a ser antigos e se se esta a pensar na renovación do equipamento. O director indica que ten en conta esta realidade e por iso se está a facer un esforzo na renovación dos contratos de mantemento coas casas comerciais dos instrumentos porque isto alonga a vida do equipamento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión da Comisión de Usuarios sendo as 13:45 horas do 16 de xullo de 2012.

A secretaria

Visto e prace

O director do SAI

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Jaime Rodríguez González